

ANA ABAD DE LARRIVA



**UN BIOLLO
NA NOITE**

Obra gañadora
I Certame de Microteatro
da Memoria

2021

Primeira edición

Xuño de 2021

Depósito legal

PO 90-2021

Deseño e maquetación

Deputación de Pontevedra

Imprime

Imprenta Deputación de Pontevedra

© **dos textos**

Ana Abad de Larriva



UN BILO NA NOITE

ANA ABAD DE LARRIVA

CADRO ÚNICO

A escena é un lugar sombrío. No medio da penumbra, tenuemente iluminada, ela, MARÍA. Agochado no escuro, GUILLERMO. Nunca se ven; nunca se tocan. Ao redor deles, as sombras.

MARÍA: Un paso máis é un paso menos. Un paso logo doutro paso. Non pensar; só camiñar. Sen perder o ritmo, sen perder o tempo. O pé apóiase no momento xusto, do xeito preciso, en función do estado do chan, se está seco, cheo de frouma ou enlamado. Tamén muda o xeito de guiarse polo tacto das árbores, da primavera ao inverno; cambia o roce da cortiza.

GUILLERMO: A liberdade era unha palabra que saía soa, que sempre me acompañara. Primeiro no Brasil, despois na Arxentina, e logo na Galiza. A volta ás raíces dos que me precedían, sen perder a liberdade. Sempre aprendendo, logo ensinando.

MARÍA: O bosque é un pozo escuro. Os ollos agudízanse, mesmo para non ver; os sons vólvense cambiantes e poden enganar. De aí a importancia do tacto das mans e da memoria dos pés.

GUILLERMO: Mais nos recantos da luz sempre hai sombras.

MARÍA: Hoxe o meu burro láíase. Vai vello, aínda que non tanto coma min. Non sei a cantos anos humanos equivale un ano de burro. El é moi listo, pero vai vello, coma min, aínda que non tanto, e eu non lle quero dar máis carga. Camiño ao seu carón. El xa leva as roscas, para logo vender nas feiras: roscas de viño, roscas de azucre, roscas de pan; xunto co que podo sacar da terra. León, o can, queda na casa, para avisar, por se... Por se pasase algo, por se se achegase alguén. Tamén vai vello mais aínda garda forzas, coma min... Nunha casa soa nunca sobran ollos para ver quen chega...

GUILLERMO: Teño morriña do cheiro a tinta fresca sobre o papel, recendendo a palabras de liberdade. Espallar as palabras de liberdade, darlles corpo sobre o branco. Daquela a liberdade cheiraba a tinta fresca...

Escóitase o son da imprenta a funcionar, a sacar adiante centos de xornais novos; un son que retumba na súa cabeza e sae dela enchendo a escena.

MARÍA: Saír da casa de madrugada, cando todos xa dormen, mais con coidado, que a noite ve, que as sombras senten. *(Falando cunha sombra)* Só unha vella que vai ás feiras, señor. A Sabarís, señor. Vender roscas, señor, non quere unhas poucas? Son para vostede, señor. Gratis? Si, gratis. Si, un agasallo. *(Agáchase, para recoller as roscas do chan, que a sombra guindou con desprezo. Cólleas con moito coidado; sopra nelas, para quitarlles a terra; límpaas co seu mandil e gárdaas de novo nas alforxas do burro).* Non, señor, non teño nada que subornar. Non, señor, só eu, señor, só eu e máis o burro. Máis ninguén. De acordo, señor. Boa noite, señor.

Volve o son da imprenta.

GUILLERMO: Brasil, Arxentina e logo Galiza. Sempre as palabras para expresar a vida, para entender as cousas. Tantas imaxes e tantas sensacións albergadas nas palabras das novas, no ruído da imprenta... E aínda chegaran novos azos, novos compromisos á fronte da vila...

MARÍA: Hoxe parece que vai haber treboada...

GUILLERMO: Pouco duraron, ata a traizón...

MARÍA: É mellor non saír.

O son da imprenta vólvese ruidos de metralla.

GUILLERMO: Chaman á porta...

MARÍA: É so o vento a bater contra as contras.

GUILLERMO: Oúvense pasos.

MARÍA: É só a chuvia a mollar os campos.

GUILLERMO: Móvense sombras fóra do alboio...

MARÍA: Son as pólas das árbores a abanearen o sono.

GUILLERMO: Vai frío...

MARÍA: Sángranme os pés por debaixo dos calos.

GUILLERMO: Como moverse...

MARÍA: Como correr...

GUILLERMO: Neste espazo...

MARÍA: Cando doe ir camiñando...

GUILLERMO: O tempo mídese polas luces e sombras que se cinguen no biolo.

MARÍA: Polas chamadas á porta nas noites de outono.

Silencio.

GUILLERMO: Só quedan os xornais de tinta vella, de datas que xa foron, e de anotacións feitas.

Soa unha voz sen forma: "Artigo 5. Quedan sometidos á xurisdición de guerra e serán sancionados do mesmo xeito por procedemento sumarísimo..."

MARÍA: Se non fose vella, levaríame menos cociñar as roscas, traballar a terra, atravesar os montes, ir vender ás feiras.

GUILLERMO: Sabes algo dela e dos meus pequenos?

MARÍA: Mais, ai, se fose nova, sabe Deus que máis farían, os lobos que axexan nas sombras, de noite e de día. Mais me vale ser unha vella que non agarda nada, que ninguén precisa, que pasa e non pasa e ninguén a mira.

GUILLERMO: Trouxo carta León?

Soa outra voz sen forma: "...os delitos realizados por medio da imprenta ou outro medio calquera de publicidade..."

MARÍA: Non trouxo nada. Mellor non saír esta noite, que hai treboada.

GUILLERMO: Escoitas as voces?

MARÍA: Escoito o graínzo.

GUILLERMO: Os ecos xordos...

MARÍA: O bater mudo...

GUILLERMO: O silencio esguivio...

MARÍA: No corpo...

Soan marchas de guerra.

GUILLERMO: Será León?

MARÍA: Esta noite, non.

GUILLERMO: Petan á porta?

MARÍA: Non, é o renxer do vento a mover as sombras.

GUILLERMO: É o ruído do tempo que devagar se esgota.

MARÍA: A nada que vira e que nunca máis volta.

GUILLERMO: É o soño esquecido que no peito acorda.

MARÍA (*falando con outra sombra*): Si, señor, son para min, para min son. A tose no peito, andar sen alento, o sangue no lenzo. Herbas milagreiras para calmar as dores dunha pobre vella.

GUILLERMO: Gustaríame crer en milagres mais o mundo volveuse falma-guento.

MARÍA: Todo para devolverlle o alento...

GUILLERMO: Dez noites e un cento, nun burato fondo, o tempo vai lento. Nai, dóeme o peito.

MARÍA: É a coita fría da traizón e do medo.

Vólvese ouvir o ruído de metralla.

GUILLERMO: Foron caendo todos, de golpes infames, abatidos polas costas. Antón e mais eu escapamos. Fomos de casa amiga en casa amiga. Mais ao querer cruzar a fronteira; só atopamos olladas inimigas axexando nas beiras. Nós só queríamos vivir! Esa era a liberdade: vivir. El fuxiu; eu non

puiden. Mamá, non podo fuxir máis, mamá! Estóupame o peito, de mágoa, de rabia, de abafó...

MARÍA: Feiras, prazas, rúas, xente. Roscas quentes, roscas frías, roscas frescas cada día!

GUILLERMO: ...de estar tan enfermo...

MARÍA: Mazás, verzas e cebolas; levas unha, levas todas!

GUILLERMO (tusindo): Rematou a guerra, din. A masacre segue. Saír. Non saír. Enfrontarse á palabra falsa. “Entregádevos e seredes libres”, dixéranlles, e os que así o fixeron caeron abatidos nada máis achegarse. “Correde, que xa sodes libres”, dixéronlles a outros, e no primeiro paso estaban deitados no chan. “Entregádevos e seredes libres”, volven dicir. E eu témolle ás palabras febles; ás palabras podres. Ao ollar murcho pola mentira.

MARÍA: Eu non sei nada.

GUILLERMO: Ás veces imaxino que saio...

MARÍA: Ela tampouco sabe nada.

GUILLERMO: Que todo foi un soño. Tan só un mal soño.

MARÍA: Non sabemos nada.

GUILLERMO: E todo segue igual: a xente, a imprenta...

MARÍA: Non lles fagan nada!

GUILLERMO: Volvo á casa...

MARÍA: Son só uns nenos; non saben nada.

GUILLERMO: Sigo a ser o alcalde...

MARÍA: Eles non viven aquí, non.

GUILLERMO: E todos están vivos.

MARÍA: Eu vivo soa, señor.

GUILLERMO: Pero sáltanme os recordos e xa sei que non o foi. Que non foi só un mal soño.

MARÍA: Si, o can é meu.

GUILLERMO: Varios amigos dinme de agardar.

MARÍA: Xa llo dixen; si, vivo eu soa, señor.

GUILLERMO: Agardar... Máis de tres anos e sigo a agardar...

MARÍA: Non, non sei nada.

GUILLERMO: A que se esgote o tempo.

MARÍA: Non, señor, non sei onde está o meu fillo, non!

GUILLERMO: Madre, traia unha pouca luz e sente aquí comigo.

MARÍA: Dígolle a verdade, señor. Aquí non hai ninguén. Vivo soa, señor.

GUILLERMO: Teño as mans frías... Teño os pés fríos...

MARÍA: Por aquí non volveu. O meu fillo... Morreu!

GUILLERMO: Teño a voz fría e o meu peito asubía.

MARÍA (*A cantar*): Meu meniño ten o corpiño frío; fretas e agarimos para darlle alivio. Meu meniño ten fame, sono e frío; durme meu pequeno e todo está esquecido.

GUILLERMO: Mamá, chove sangue no alboio.

MARÍA: Durme, meu pequeno, axiña escampan a chuvia e o frío.

GUILLERMO: Madre, son xa anos e meses e días, metido neste burato sen poder ver o día...

MARÍA: Un paso máis é un paso menos, para atravesar a noite, para cruzar o bosque, para chegar ao día. Seis horas de marcha, recoller as menciñas na farmacia amiga; para un fillo o que sexa, o que sexa digo. Para gañar tempo á morte por se vira a sorte e a fortuna xira e non sei se onte, ou hoxe, ou cando Deus o diga, que este soño morto nos devolva á vida.

GUILLERMO: ...e de nada serviron os seus coidados e guías. Coido que é este o meu fin nesta noite fría.

A pouca luz vólvese escura. Só a voz de MARÍA habita a escena.

MARÍA: Ao comezo tiña esperanzas de que algún día rematase a guerra, que rematase a represión, que rematasen as tebras; mais a noite seguiu a engulilo todo. Sen un futuro ao que agarrarse, o seu estado de saúde, xa feble, empeorou. A esperanza era xa só que sufrise o menos posible. Aínda así non puiden evitarlle a dor e que morrese no mesmo burato en que viviu estes catro anos. E aí segue o seu corpo agochado, como o dun animal, para que non lle fagan mal á muller e aos fillos. A min xa ninguén me pode facer mal. Hai cousas polas que unha nai non tería que pasar, e aínda así, pasa. E logo do último esforzo xa non quedan folgos para seguir a aguantar.

A escena queda en silencio. Só se escoita o murmurio das sombras a moverse no ESCURO.

LIÑAS FINAIS

Este texto teatral naceu a partir de coñecer a triste historia de Guillermo Vicente Santiago, o último alcalde republicano de Tui, que logo do golpe de estado franquista e da cruenta represión que o seguiu, tivo que vivir agochado nun furado na adega da casa da súa nai en Pintán, enfermo de tuberculose. Morreu alí, despois de case catro anos, e tivo que ser enterrado en segredo nese mesmo burato, para que non houbera represalias contra a familia.

Mais o detonante desta peza foi saber como a súa nai, María, unha muller xa maior, percorría habitualmente os montes de Oia para irlle buscar as menciñas a Sabarís, facendo máis de seis horas de camiño, no seu burriño ou a pé, chovese, dese o sol ou ventase; unhas menciñas que lle receiptaba en segredo o médico Darío Álvarez Blázquez sen poder ver o doente. Ademais, a muller tamén vendía roscas e outros produtos nas feiras para poder manterse e coidar do fillo enfermo. Porén, non sobreviviría moito ao fillo, pois morreu tan só un ano e medio despois del.

Un biolo na noite xorde, pois, como unha lembranza a María e a Guillermo, ao que tiveron que vivir; e sobre todo como unha homenaxe escénica poética, libre, a unha muller que, como tantas, atravesou a noite, en silencio, para abrir un biolo no medio da escuridade.

